



Ademais de escritor, o brasileiro Márcio-André é un artista sonoro e visual nacido no Rio de Janeiro en 1978.

Alén de poder contar con textos traducidos a dez distintas linguas, é autor de catro libros: dous de poesía e dous de ensaios. Os primeiros son *Intradoxos* (2007) e *Czas* (2011). Ademais, a súa poesía inspirou o filme *The Gospel according to the sea*, de 2011. Márcio-André ten impartido aulas de formación avanzada en escrita creativa e poesía sonora na Universidade de Coimbra e na Universidade Federal do Río de Janeiro. En 2008 recibiu a Bolsa Fundação Biblioteca Nacional do seu país polo libro de ensaios *Poética das Casas* e, en 2009, foi poeta residente en Monsanto (Portugal).

Cunha dilatada experiencia na área da poesía performática e en medios electrónicos, ten presentado o seu traballo en prestixiosos festivais do Reino Unido, Francia, España, Portugal, Ucraína, Hungría, Holanda, Arxentina, Perú, Canadá e os EEUU, e mesmo realizou performances nas ruínas da cidade fantasma de Chernobyl -*Conferência Poético-Radioativa* (2007)- polas que foi aludado “o primeiro poeta radioactivo do mundo”. Xunto a Maria Bethânia, Zeca Baleiro, Edu Lobo e outros, leu poemas para o documental e videoinstalación *Há muitas noites na noite*, de Silvio Tandler. Máis recentemente, dirixiu o filme *Artaud em Compostela*, que vén de se estreir hai apenas un mes en Santiago.

*tigris*

*o tigre com sua tatuagem de si mesmo*

*para a permanência*

*em si mesmo*

*como*

*quando a*

*palavra adentra a frase*

*movendo a caligrafia*

*pela planície nevada do papel*

*alfabeto sanguíneo – o tigre  
descrevendo na mata*

*a mata levada nos flancos*

*no gingado da marcha*

*na dança das listras*

*o tigre é a própria palavra*

*que ele apaga*

*ao vestir a palavra tigre*



(MÁRCIO-  
ANDRÉ)

Luns 3 de xuño  
20:30

ÁGORA  
CENTRO CULTURAL  
PARA O PROGRESO  
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS  
DI(N)VERSOS



*Branca Novoneyra*



Nada en Lugo en 1978, Branca Novoneyra reside en Santiago, onde dirixe o Laboratorio de Movements e tamén coordina, xunto á poeta Olalla Cociña, o ciclo de lecturas "Picaversos".

No que respecta á súa formación, é Licenciada en Ciencias Políticas pola Universidade de Santiago de Compostela, e cursou estudos de doutoramento en Educación Artística na Universidade de Granada.

Ademais de escribir e publicar poesía, Branca Novoneyra desenvolve o seu traballo como bailarina colaborando con músicos, escritores e videoartistas dende hai máis dunha década, amosando o seu labor tanto en Galicia coma no estranxeiro (Cuba, Francia, Alemaña ou Xapón, entre outros países). Do mesmo xeito, ten colaborado reflexionando sobre danza ou sobre poesía en diversas publicacións especializadas.

Como poeta publica *Dentro do Labirinto* (2009) e *Cristal escuro* (2012), obras que transforma en pezas escénicas materializando a súa poesía fóra do papel. Fóra de Galicia, foi galardoada co Premio "La voz más joven" da Obra Social Caja Madrid no ano 2010. Actualmente coordina as publicacións e actividades da Fundación Uxío Novoneyra.

### CRISTAL ESCURO

*Levo anos flotando na pureza do universo  
chocando con miles de países habitados  
Levo anos preparándome para a invasión  
dos planetas das árbores e as lúas  
xirando perigosamente  
acercándome perigosamente  
ós ocos perdidos das constelacións  
Vexo naves preparándose para invasión  
e miles de ollos estoupar na pureza dos corpos  
e nada me revolve dentro deste cristal escuro  
onde viaxo directamente contra ti*



## (BRANCA NOVONEYRA)

Luns 3 de xuño  
20:30

ÁGORA  
CENTRO CULTURAL  
PARA O PROGRESO  
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

## POETAS DI(N)VERSOS

*Márcio-André*

